

## **POLÍTICA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DO GRUPO EUSKALTEL**

O Grupo Euskaltel define esta política conforme o seu Sistema de Xestión, desde un enfoque de empresa comprometida coa sociedade e a súa contorna, como marco de referencia para o establecemento de obxectivos de Seguridade e Saúde no Traballo.

Con esta política, adquirimos o compromiso de mellorar continuamente os nosos produtos, servizos e formas de traballo, e o propio sistema de xestión para mellorar o noso desempeño en todos os ámbitos. No Grupo Euskaltel comprometémonos:

- A identificar os perigos e avaliar os riscos para a seguridade e saúde, establecendo e priorizando as medidas de control, co fin de prever os incidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Ao cumprimento da lexislación, regulamentación e outros requisitos que nos sexan de aplicación, así como doutros compromisos que subscribamos no desenvolvemento do Sistema de Xestión.
- A integrar a saúde e seguridade no desenvolvemento das nosas actividades, nos procesos de xestión e nas metodoloxías de traballo.
- A garantir durante todo o ciclo da xestión da seguridade e saúde a información, consulta e participación dos/as profesionais da compañía e os seus representantes, para garantir contornas seguras e saudables no traballo.
- Impulsar a formación e concienciación de todos os/as profesionais do Grupo en materia de seguridade e benestar, potenciando unha cultura preventiva.
- A esixir o respecto das normas de seguridade establecidas aos subministradores e contratistas.

Esta política aplícase a todas as nosas actividades, produtos e servizos, en todos os nosos lugares de traballo; é difundida a toda a organización e ponse a disposición dos nosos clientes, accionistas, provedores, partes interesadas e público en xeral, sendo revisada periodicamente, asegurando así que é apropiada para o Grupo Euskaltel en cada momento.



**D. José Miguel García Fernández**  
*Conselleiro Delegado*